

# O ÚLTIMO

F. W. Murnau, 1924

# 1313

ESTREA EN NUMAX: 18.06.2024 | V.O.S.E. | 88 min

Clásico do cinema mudo alemán protagonizado polo grande Emil Jannings no papel do porteiro dun luxoso hotel que é degradado ao posto de mozo de lavabos. Privado do seu antigo traballo e do uniforme que o identifica, tenta ocultar a súa nova condición, pero a súa vida vaise desintegrado devagar.

«A histórica e revolucionaria fotografía de Karl Freund aínda deixa sen alento»

Alen Morrison, EMPIRE



## Sen necesidade de rótulos

Por Steven Jay Schneider

Pese a un final feliz forzado por presións da UFA, *O último* segue a ser un intento impresionante de contar unha historia sen o uso de rótulos explicativos. O argumento non ten nada especial, o conserxe dun hotel, humillado pola perda de rango cando é degradado a axudar nos lavabos debido á súa idade, afúndese até tal extremo de roubar o seu amado uniforme, como símbolo do seu orgullo profesional. Nalgúns aspectos o filme non é máis que un vehículo para unha das típicas interpretacións de Emil Jannings.

Porén, e alén da parábola, asistimos a unha nova exploración do espazo fílmico de Murnau: a cámara móvese con sorprendente axilidade, articulando a relación do protagonista co mundo mentres o segue polo hotel, as rúas da cidade ou a súa casa das aforas. Parte do traballo da cámara é subxectivo, como cando se distorsiona a óptica para expresar as percepcións do personaxe influídas polo alcol. Noutros momentos, a mobilidade da cámara é evocadora, como cando atravesas as portas xiratorias que simbolizan o destino. Pode que a técnica sexa maxestosa de máis para a sinxela historia dun ancián, pero non se pode negar o virtuosismo da posta en escena de Murnau nin o traballo de cámara de Karl Freund.

Publicado en “1001 Películas que hay que ver antes de morir” (Grijalbo, 2003)

## Unha forma impresionista de evocar a atmosfera

Por Charles Silver

O estilo d'*O último* deriva do *Kammerspiele*, presentado polo gran dramaturgo Max Reinhardt de quen Murnau foi discípulo. Reinhardt propuxo un teatro íntimo, con iluminación lene, no que o público estivese preto de abondo para que os actores puideran actuar con maíto sutileza. Lotte Eisner, a decana dos estudos da época de Weimar, sostén que os movementos de cámara de Murnau “nunca se empregan de maneira decorativa ou simbólica, cada movemento ten un obxectivo preciso e definido”. Deste xeito as tomas longas de Murnau establecen o estándar que logo habían recoller futuros mestres como Mizoguchi ou Ophüls, até converterse nunha caste de contrateoría da montaxe de Eisenstein. Un dos grandes logros de Welles sería sintetizar ambos enfoques. Volvendo a Eisner, o uso de “superficies opalescentes cheas de reflexos, luz ou choiva é unha forma case impresionista de evocar a atmosfera”.

Todo no filme é completamente xermánico e, a pesar do final feliz engadido ao remate, o sentimento dominante é de aprensión. Aínda que non iría tan lonxe como Siegfried Kracauer en *De Caligari a Hitler* (1947) que falaba de que a inevitabilidade do ascenso nazi xa se podía ver nos filmes alemáns dos vinte, hai de certo un pesimismo xeralizado por tras da rebumbio que fixo de Berlín a capital europea da diversión. Pódese atopar na paranoia de Lang, no cinismo de Pabst ou na perversidade de *Nosferatu* (1922). Murnau era tamén homosexual e aínda que a escena bohemia do Berlín dos 20 semella un lugar relativamente seguro, isto debeu carrexar unha carga psíquica para un home nacido a finais dos 80 do século XIX en Renania.

Parte da grandeza do filme cómpre outorgarllo a Emil Jannings quen ofrece (por unha vez) unha actuación contida e conmovedora. Jannings axiña faría un breve paso por Hollywood onde gañaría un Oscar, antes de arrastrar o xudeu Josef von Sternberg a Berlín para dirixilo n'*O anxo azul* (1930) e de mostrar o seu verdadeiro rostro no Terceiro Reich, onde gañaría os maiores honores do goberno nazi.

Publicado en moma.org



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*De Caligari a Hitler*,  
Siegfried Kracauer.  
Paidós, 1985

*Friedrich Wilhelm*  
*Murnau*,  
Manuel Lamarca Rosales.  
Cátedra, 2022